



Enclave de Cámara

CICLO
DE MÚSICA
DE CÁMARA

PROGRAMA
2019/20

www.enclavedecamara.com

Concello de
OURENSE



XOV **TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H**

10 OUT **Cuarteto Talich e Noelia Rodiles** — CZE / ESP

2019 CUARTETO DE CORDAS E PIANO

MÉR **LICEO DE OURENSE 20:00 H**

6 NOV **Simply Quartet** — AUT / CHN

2019 CUARTETO DE CORDAS GAÑADOR DO CONCURSO DE CUARTETOS DE BORDEOS 2019

XOV **TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H**

12 DEC **Dmytro Choni** — UKR

2019 PIANISTA GAÑADOR DO CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO DE SANTANDER DE 2018

MÉR **TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H**

15 XAN **Cuarteto Brentano** — USA

2020 CUARTETO DE CORDAS

XOV **LICEO DE OURENSE 20:00 H**

6 FEB **Isabel Villanueva e François Dumont** — ESP / FRA

2020 VIOLA E PIANO

MÉR **TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H**

1 ABR **Airas Ensemble** — GAL

2020 ENSEMBLE DE VENTO E PIANO

XOV **TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H**

7 MAI **Dúo del Valle** — ESP

2020 DÚO DE PIANOS

XOV **AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE 20:00 H**

4 XUÑ **Real Filharmonía de Galicia** — GAL

2020 ORQUESTRA FILHARMÓNICA

En breve comeza unha nova temporada do Enclave de Cámara. Unha temporada que procura combinar diferentes aspectos co obxectivo de chegar a máis público, dar a coñecer de maneira coherente repertorio de diferentes épocas e estilos, así como abordar obras para formacións instrumentais diversas, sen esquecer os novos creadores, todo isto apostando por traer intérpretes de calidade. Destes últimos algúns xa consolidados, outros figuras emerxentes.

Comezamos cun quinteto formado por un afamado cuarteto checo cunha longa e fecunda historia como é o Talich e a pianista Noelia Rodiles ben coñecida polo público ourensán. Este é o primeiro concerto de tres actuacións con cuarteto; as seguintes a do novel Cuarteto Simply, recentes gañadores do prestixioso premio de Bordeos — premio gañado por fantásticos conxuntos como é o español Quiroga, ou o francés Ébène, e que mantén unha relación estable co Enclave de Cámara —, e o moi recoñecido Cuarteto Brentano que xa nos acompañou con grande éxito no 2015.

Sen lugar a dúbidas experimentados e cunha importante carreira son Isabel Villanueva e o pianista francés François Dumont, ou o xenial e atrevido Dúo Del Valle, por non falar da formación que pecha o Enclave de Cámara: a Real Filharmonía de Galicia no Auditorio Municipal.

E falando de galegos, non debemos esquecer que para esta tempada o Enclave encargoulle unha obra ao novo compositor de Pontearreas Xabier Mariño. Obra que será estreada por un ramallete de novos músicos galegos como son a pianista Alicia Permuy e o grupo de ventos Airas Ensemble, grupo formado por músicos novos de vento, cunha traxectoria sólida que comezou alí polo ano 2011.

No capítulo de intérpretes cabe salientar a colaboración do Enclave de Cámara co Concurso Internacional de Piano de Santander que suporá a actuación no Enclave do seu máis recente gañador: Dmytro Choni.

Como mencionabamos no principio deste breve texto, o Enclave busca presentar un repertorio amplo en canto a épocas e, por tanto, estilos. Esta temporada o máis «atrás» que imos é ata o xenial «pai» do clasicismo J. Haydn, e deste grande do século XVIII ata o ponteareán Xabier Mariño, pasando por grandes clásicos como é Beethoven, Schumann, ou Liszt, pero sen esquecer ese repertorio menos coñecido pero que paga a pena. Referímonos a autores como Corigliano, Glínka (quen non o coñece!, no entanto, en occidente apenas se interpreta a súa música), Ligeti, Lutosławski, e outros, que conforman páxinas maravillosas, da música clásica.

XOV 10 OUT 2019

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H

Cuarteto Talich e Noelia Rodiles —

CUARTETO DE CORDAS E PIANO

Jan Talich — VIOLÍN

Roman Patočka — VIOLÍN

Radim Semidubsky — VIOLA

Petr Prause — VIOLONCHELO

Noelia Rodiles — PIANO



O Cuarteto Talich foi considerado durante moitos anos como un dos mellores cuartetos de corda do mundo, famoso por representar a Música Checa por Europa, América e Oriente, e con gravación das obras completas de Mozart e Beethoven, recibindo numerosos premios internacionais como «Diapason d'Or», «Grand Prix du Disque», «Diapason du siècle», «Gold Disque» de Supraphon.

Fundado en 1964 por Jan Talich durante os seus estudos no Conservatorio de Praga, sendo el mesmo sobriño do coñecido director de Orquestra Václav Talich, titular da Orquestra Filharmónica Checa, en 1990 mudou gradualmente todos os integrantes do cuarteto, dando como resultado un novo cuarteto con J. Talich, R. Patočka, R. Semidubsky e P. Prause que continúan a tradición dos seus predecesores.

Hoxe, ademais, regresa ao Enclave de Cámara Noelia Rodiles, que estivera na III temporada co Trío Lorca — febreiro de 2016 — e volta agora consolidando a súa traxectoria acompañada do Cuarteto Talich. Formada nos conservatorios de Avilés, Madrid

e Berlín na Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid con Dimitri Bashkirov e Claudio Martínez Mehner, obtivo o premio á «alumna máis sobresaliente» nas cátedras de piano e música de cámara. Ten recibido clases maxistras de Daniel Barenboim, Joaquín Achúcarro, Salomon Mikowski, Joaquín Soriano, Galina Eguizarova, Elisso Virsaladze e Josep M. Colom entre outros.

A súa traxectoria inclúe concertos nas principais salas de España e do estranxeiro. A súa calidade musical recoñecida en concursos nacionais e internacionais de piano como «Rotary Club» de Palma de Mallorca, «Ricard Viñes» de Lleida, Concurso Nacional de Piano «Ciudad de Albacete», «Concurso Permanente de Jóvenes Intérpretes» de Juventudes Musicales de España na especialidade de música de cámara, ten sido cualificada como «un dos máis sólidos valores do pianismo español e do pianismo internacional». O seu primeiro traballo discográfico obtivo o recoñecemento de «Excepcional do mes» da revista *Scherzo*.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

J. Kalliwoda (1801-1866)

Cuarteto de corda n.º 2
en La maior op. 62 18'

Allegro vivace

Scherzo. Presto

Adagio

Vivace

Antonin Dvořák (1841-1904)

Cuarteto de corda op. 96
«Americano» 25'

Allegro ma non troppo

Lento

Molto vivace

Finale: vivace ma non troppo

II PARTE

Robert Schumann (1810-1856)

Quinteto en Mi bemol maior, op. 44 35'

Allegro brillante

In modo d'una marcia, un poco largamente

Scherzo: Molto vivace

Finale: Allegro ma non troppo

MÉR 6 NOV 2019
LICEO DE OURENSE 20:00 H

Simply Quartet —



CUARTETO DE CORDAS
GAÑADOR DO CONCURSO DE
CUARTETOS DE BORDEOS
2019

Danfeng Shen — VIOLÍN

Antonia Rankersberger — VIOLÍN

Siang Lyu — VIOLA

Ivan Valentin Hollup Roald — VIOLONCHELO



O último gañador do Concurso Internacional de Cuartetos de Corda de Bordeos é o Simply Quartet. Fundado en Shanghai en 2008 baixo a tutela do Prof. Jensen Horn-Sin Lam. Orixinalmente un cuarteto completamente chinés, a viaxe musical do grupo levounos a Viena en 2012, onde a formación se transformou e se uniu o chelista noruegués Ivan Valentin Hollup Roald en 2016 e a violinista austríaca Antonia Rankersberger en 2018. Afinados agora en Viena estudan co Prof. Johannes Meissl (Artis Quartet) no Instituto Joseph Haydn para Música de Cámara na Universidade de Música e Artes Escénicas en Viena.

Centrados nos últimos anos nas raíces do repertorio xermánico e austríaco para cuartetos de cor-

da, teñen acadado o éxito en dous importantísimos concursos, no 2017 no Concurso Haydn en Viena e no 2018 no Concurso Internacional de Música de Cámara «Schubert e a Música Moderna». Tamén teñen ofrecido numerosos concertos nas Casas de Haydn e Beethoven en Viena e Baden, así como na baixa Austria «Rexión de Haydn».

Ademais de traballar co principal repertorio para cuarteto de corda, tamén investigan nas novas músicas dos países dos seus integrantes China, Austria e Noruega. Estrearon o cuarteto para cordas *Fleeting Moments* de Brad Lubman no Festival Grafenegg en 2017.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

Joseph Haydn (1732-1809)

Cuarteto en Re maior, Op. 76, n.º 5 19'

Allegretto

Largo

Menuetto Allegro

Finale Presto

Dmitri Shostakovich (1906-1975)

Cuarteto en Fa maior, Op. 76, n.º 3 32'

Allegretto

Moderato con motto

Allegro non troppo

Adagio

Moderato

II PARTE

Felix Mendelssohn (1809-1847)

Cuarteto en mi menor, Op. 44, n.º 2 27'

Allegro

Scherzo: allegro di moto

Andante

Presto agitato

En colaboración co Concurso Internacional de Cuartetos de Corda de Bordeos.

XOV 12 DEC 2019

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H

Dmytro Choni —

ÚLTIMO GAÑADOR EN 2018 DO XIX
CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO
DE SANTANDER PALOMA O'SHEA



Cada nova convocatoria do Concurso Internacional de Piano de Santander trae consigo un cúmulo de satisfaccións musicais, porque nada hai tan fascinante como asistir desde o principio ao nacemento dunha carreira artística e nada resulta tan gratificante como comprobar que o pulo das novas xeracións está garantindo o futuro da interpretación pianística.

O dar a coñecer ao mundo este novo talento é a razón de ser do Concurso e por iso, a súa organización establece vínculos con salas de prestixio,

orquestras, programadores e sociedades filarmónicas de todo o mundo, que lles ofrecen aos galardoados do Concurso a oportunidade de se presentaren ante o público en concerto.

Coa presentación de Dmytro Choni, o novo gañador da edición edición XIX, renóvase a colaboración institucional que se iniciara en 2015 entre o ciclo Enclave de Cámara e o Concurso de Piano de Santander, grazas ao cal as persoas afeccionadas á música de Ourense teñen a ocasión de corroborar persoalmente a valía destes novos nomes.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

Johannes Brahms (1833-1897)

Rapsodias, op. 79 14'

Robert Schumann (1810-1856)

Gesänge der Frühe, op.133 13'

Frank Liszt (1811 -1886)

De «Années de pèlerinage: Deuxieme

Année (Italie)» S.161/7. Après une lecture

du Dante, Fantasia quasi Sonata 17'

II PARTE

Serguei Rachmaninov (1873-1943) 30'

Daisies, op. 38 Núm.3

Lilacs; op. 21 Núm.5

Momento musical en mi menor, op.16 Núm. 4

Sonata para piano Núm.2 en si bemol menor, op.36

MÉR 15 XAN 2020
TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H

Cuarteto Brentano —

CUARTETO DE CORDAS

Mark Steinberg — VIOLÍN

Serena Canin — VIOLÍN

Misha Amory — VIOLA

Nina Lee — VIOLONCHELO



Desde 2014 é cuarteto residente na Yale School of Music, sucedendo ao Cuarteto de Corda de Toquio e foron galardoados con grandes premios de música, actúa extensamente, tanto en Estados Unidos, onde residen, como noutros escenarios de Europa, Canadá, Xapón e Australia. Traballan con prestixiosos artistas como Elliot Carter e György Kurtág, e interpretan traballos por encargo de Milton Babbitt, Chou Wen-Chung, Charles Wuorinen, Bruce Adolphe. Steven Mackey e Jonathan Dawe. Entre os acompañantes do Brentano estiveron Joyce di Donato, Vijay Iyer, Ignat Solzhenitsyn e Jonathan Biss.

O seu eclecticismo e desexo de ir máis aló das fronteiras dos clásicos repertorios de cuarteto de corda conduciunos a interpretar tanto renacentistas como primitivas pezas de música, madrigais de Monteverdi e Gesualdo, fantasías de Purcell e

traballos seculares de Josquin des Prés. No campo contemporáneo, Brentano colabora regularmente con compositores coetáneos como Elliot Carter e György Kurtág, e interpreta traballos por encargo de Milton Babbitt, Chou Wen-Chung, Charles Wuorinen, Bruce Adolphe. Steven Mackey e Jonathan Dawe. Entre os acompañantes do Brentano estiveron Joyce di Donato, Vijay Iyer, Ignat Solzhenitsyn e Jonathan Biss.

Desde o 2009 o cuarteto ten actuado en España, en lugares como o Salón de Columnas do Palacio Real de Madrid, tendo a honra de tocar cos instrumentos da Colección Palatina de Stradivarius e baixo a presenza de honra das SS.MM. os Reis.

PROGRAMA DO CONCERTO

Blossoming Variations / Variacións florecentes

I PARTE

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Cuarteto en La maior, K464 37'

Allegro

Menuetto

Andante

Allegro

II PARTE

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Cuarteto en La maior, Op. 18 n.º 5 28'

Menuetto

Andante cantabile con variazioni

Allegro

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Cuarteto en Re sostido maior, Op. 127 38'

Maestoso- allegro

Adagio, ma non troppo e molto cantabile

Scherzando vivace

Allegro

XOV 6 FEB 2020
LICEO DE OURENSE 20:00 H

Isabel Villanueva e François Dumont —

VIOLA E PIANO

Isabel Villanueva — VIOLA
François Dumont — PIANO



Isabel Villanueva e François Dumont tocan en dúo habitualmente tendo actuado en numerosas ocasións en España. «Bohèmes» O primeiro álbum de Isabel Villanueva gravouno xunto a François Dumont en outubro de 2017 e recibiu premios de The Strad, Melómano de Ouro, Scherzo Magazine, Top 10 RITMO Magazine, e en 2018 foi galardoado co Mellor Álbum Clásico do Ano nos Premios MIN de Música Independente.

Isabel Villanueva (viola) é unha das violistas máis importantes da nova xeración. Actuou como solista con orquestras en Europa, Rusia, Medio Oriente e China. Ela é pioneira na presentación de concertos en numerosos lugares onde a viola nunca fora programada como solista. En 2013 converteuse na primeira violista estranxeira en realizar recitais en Irán. Está particularmente involucrada na nova música colaborando con compositores e obras escénicas, moitas dedicadas a ela, por S.Gubaidulina, M.Sotelo, G.Khayam, J. Cervelló, H.Khoury, T. Marco, J.Zárate e B. Olivero, entre outros.

En 2015 recibiu o recoñecemento institucional de Marca España como «embaixadora do talento español no mundo». Ese mesmo ano recibiu o Premio «El Ojo Crítico» de Música Clásica da Corporación Nacional de Radiodifusión Española (RNE), e recentemente en 2019, recibiu o Premio de Cultura da Comunidade de Madrid en Música Clásica; é a primeira vez que ambos os dous premios se lle outorgan a unha violista.

François Dumont (piano) é gañador dos máis prestixiosos premios internacionais: o concurso Chopin, o concurso Raíña Elisabeth, o concurso Clara Haskil e o concurso de Montecarlo. Foi nomeado para un Grammy na categoría «solo instrumental» e recibiu o premio dos «Críticos da Música» como Revelación Francesa.

Actuou coa Orquestra Nacional de León e Leonard Slatkin (con quen gravou os dous concertos de Ravel), coa Orquestra de Cleveland, coa Orquestra do Teatro Mariinsky ou coa Orquestra Filharmónica de Montecarlo, entre outras, sempre baixo a dirección de grandes batutas.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

Ludwig van Beethoven (1770-1827)
Sonata en La maior, Op. 69 n.º 3
para cello e piano (versión viola) 26'
Allegro
Scherzo: Allegro molto
Adagio cantabile – Allegro vivace

II PARTE

Mijaíl Glinka (1804-1857)
Sonata en la menor para viola e piano 17'
Allegro moderato

Serguéi Prokófiev (1891-1953)
Cinco pezas do ballet «Romcu e Xulieta» (arr. Borissovsky) 26'
Allegro moderato | Introducción | A moza Xulieta |
Danza dos cabaleiros | Morte de Xulieta | Mercurio

MÉR 1 ABR 2020

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00H

Airas Ensemble —

ENSEMBLE DE VENTO E PIANO

Julia Estévez — FRAUTA

Roberto Baltar — ÓBOE

Beatriz López — CLARINETE

Alfredo Varela — TROMPA

Santiago López — FAGOT

Alicia Permuy — PIANO



Cunha brillante traxectoria, e integrado por músicos da Orquestra Sinfónica de Bilbao, NDR Radiophilharmonie de Hannover, Real Filharmonía de Galicia e Orquestra Vigo 430, desenvolven a súa actividade camerística desde 2011. Actuaron nos principais ciclos de cámara de Galicia e festivais nacionais e internacionais, destacando o Ciclo da Sociedade Filarmónica de Vigo, os Martes Musicais de Caja Vital (Vitoria), VII Festival Internacional de Música de Cámara de Villaviciosa de Odón (Madrid) e as III Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela. Contaron coa colaboración de pianistas como Haruna Takebe e Enrique Bagaría, estando, nesta ocasión, acompañados por Alicia Permuy, quen estudou en L'Escola de Música de Barcelona e en Holanda. Realiza un intenso labor como pianista acompañante, salientando o traballo que desempeña en masterclasses de destacados

músicos. Ademais, posúe unha ampla experiencia orquestral: colaborou coa Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Ciudad de Granada ou a Sinfónica de Bilbao.

O Airas Ensemble publicou o seu primeiro CD co selo Columna Música, que contén obras de F. Poulenc, A. Jolivet, D. Milhaud e a primeira gravación mundial do cuarteto para madeiras de J. Bal e Gay.

Estrea absoluta da obra por encargo do Enclave de Cámara do compositor Xabier Mariño (Ponteareas, 1983), pianista e oboísta, estuda composición en Musikene no País Vasco iniciando un camiño multidisciplinar que fai que o seu catálogo conteña diferentes formacións instrumentais, a inclusión ou non de dispositivos electroacústicos en tempo real e incluso a instalación interactiva como Identidades creada especificamente nunha residencia artística no MARCO de Vigo.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Quinteto en Mi bemol maior, Op.16

para ventos e piano 25'

Grave. Allegro, ma non troppo

Andante cantabile

Rondo. Allegro, ma non troppo

Gunther Schuller (1925-2015)

Suite para quinteto de vento 6'

Prelude. Allegro

Blues. Andante

Toccata. Presto

II PARTE

Xabier Mariño (1983-)

Obra de estrea encargo do

Enclave de Cámara 7' aprox.

Francis Poulenc (1899-1963)

Sexteto para quinteto de vento e piano 18'

Allegro vivace

Divertissement

Finale: Prestissimo

XOV 7 MAI 2020

TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE 20:00 H

Dúo del Valle —

DÚO DE PIANOS

Víctor del Valle — PIANO

Luis del Valle — PIANO



Tras o seu triunfo no prestixioso ARD International Music Competition (Munich, 2005), o dúo dos irmáns Víctor e Luis del Valle (Vélez-Málaga) foi moi pronto recoñecido como unha das agrupacións camerísticas máis sobresaíntes de Europa.

Foron ademais gañadoras de numerosos galardóns en concursos como o Dranoff International Two Piano Competition de Miami (EEUU), Bialystok International Piano Duo Competition (Polonia), «El Primer Palau» (Barcelona), «Musiques d'Ensemble» (París) ou no XXI Central European Music Festival (Žilina, Eslovaquia), onde se deron cita

os gañadores dos concursos internacionais máis relevantes (Queen Elisabeth Competition, Tchaikovsky Competition, ARD, etc.).

O Dúo del Valle ten actuado coas mellores orquestras ao longo de todo o mundo e na actualidade, Víctor e Luis del Valle compaxinan a súa concertística co seu labor docente no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e o Conservatorio Superior de Música de Málaga. Son invitados frecuentemente para impartir leccións maxistras de piano e de música de cámara tanto en España como no estranxeiro.

PROGRAMA DO CONCERTO

I PARTE

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Sonata para piano a catro mans en Do Maior KV. 521 25'

- *Allegro*
- *Andante*
- *Allegretto*

György Sándor Ligeti (1923-2006)

Cinco pezas para piano a catro mans 14'

- | | |
|---------------------------------|-------------------|
| 1. <i>Marcha</i> | 4. <i>Sonata</i> |
| 2. <i>Estudo Polifónico</i> | - <i>Allegro</i> |
| 3. <i>Tres danzas nupciais</i> | - <i>Andante</i> |
| - <i>O carro está na porta</i> | - <i>Vivace</i> |
| - <i>Ven rápido e enfeitada</i> | 5. <i>Allegro</i> |
| - <i>Danza circular</i> | |

II PARTE

John Corigliano (1938-)

Chiaroscuro (dous pianos) 13'

1. *Light*
2. *Shadows*
3. *Strobe*

Maurice Ravel (1875-1937)

La Valse (versión orixinal do autor para dous pianos anterior á orquestración) 12'

Witold Lutosławski (1913-1994)

Variacións sobre un tema de Paganini para dous pianos 7'

XOV 4 XUÑ 2020

AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE 20:00 H

Real Filharmonía de Galicia —

ORQUESTRA FILHARMÓNICA



A Real Filharmonía de Galicia inicia o seu camiño en Santiago de Compostela en 1996. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico, posto no que o precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros-Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes.

Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha temporada de abono estable. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Ten realizado xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal, país co que mantén unha estreita colaboración. Comprometida co territorio ao que presta servizo, actúa asiduamente por toda Galicia.

A RFG amosa un especial interese pola obra de autores noveis, en particular de compositores galegos. A súa discografía consta de máis de 12 CD, dedicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola.

A Real Filharmonía de Galicia traballa no achegamento a novos públicos, a través de propostas didácticas, familiares e programas especiais; promovendo ademais a realización de concertos en espazos abertos.

A orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a novos intérpretes.

PROGRAMA DO CONCERTO *UNHA NOITE CON MOZART*

Maximino Zumalave, DIRECTOR

I PARTE

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Obertura de D. Giovanni K527 7'

Sinfonía nº 39 en Mi bemol maior K543 29'

I. *Adagio - Allegro.*

II. *Andante con moto.*

III. *Menuetto: Trío.*

IV. *Allegro.*

II PARTE

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Sinfonía nº 40 en sol menor K350 35'

I. *Molto Allegro*

II. *Andante*

III. *Menuetto, Allegretto-Trio*

IV. *Allegro assai*

Venda de entradas na billeteira do **Teatro Principal**
ou na páxina web **www.ataquilla.com**

Para calquera información adicional pode dirixirse á:
Concellería de Cultura do Concello de Ourense
Auditorio Municipal. Rúa da Canle, 2. Tel. 988 391 290

POSIBILIDADE DE DESCONTOS PARA GRUPOS ESCOLARES
OU ACADÉMICOS MEDIANTE XESTIÓN ANTICIPADA.



www.enclavedecamara.com

ORGANIZA:



COLABORAN:

